

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE UNIVERSIDADES

- 1788** *Real decreto 233/2020, do 4 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).*

No seo da Unión Europea, o establecemento de mecanismos de recoñecemento e homologación de cualificacións académicas e profesionais eríxese nunha ferramenta fundamental para garantir e facilitar o exercicio de dereitos esenciais no mercado interior europeo, especialmente a libre prestación de servizos ou a libre circulación de traballadores.

En consecuencia, a política da Unión Europea ao respecto experimentou unha profunda evolución histórica durante as últimas décadas.

O Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI), traspuxo ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013.

A Directiva 2005/36/CE, que permitiu consolidar nun único corpo a normativa europea vixente en materia de recoñecemento de cualificacións, foi modificada pola Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013.

A Comisión Europea, a través dunha carta de emprazamento, puxo en coñecemento das autoridades españolas a existencia de certas deficiencias na transposición da citada Directiva 2013/55/UE, do 20 de novembro.

Na dita carta de emprazamento ponse de manifesto, entre outras cuestións, que o artigo 23, número 5, da Directiva 2005/36/CE non encontra reflexo na lexislación española.

O citado artigo 23.5 da Directiva 2005/36/CE regula os dereitos adquiridos para as cualificacións obtidas na antiga Iugoslavia. Concretamente, prevese o recoñecemento automático das cualificacións dos nacionais dos Estados membros da Unión Europea para as profesións sectoriais cuxa formación comezou en Eslovenia, antes do 25 de xuño de 1991, e en Croacia, antes do 8 de outubro de 1991, datas en que os novos Estados se independizaron da República Federativa Socialista de Iugoslavia.

Porén, o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, non prevé o recoñecemento automático para as cualificacións profesionais obtidas en Croacia antes do 8 de outubro de 1991. Desta forma, faise necesario revisalo e incluír a dita previsión no seu articulado. Por tanto, este real decreto ten como obxecto a correcta e completa transposición do contido da Directiva 2005/36/CE, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, neste punto.

Igualmente, froito do diálogo constante cos colexios profesionais directamente afectados pola normativa nesta materia, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España puxo de manifesto a necesidade de incluír unha referencia expresa ao desenvolvemento profesional continuo e á actualización de coñecementos, capacidades e competencias, pois trátase de principios que se inclúen no artigo 22 da Directiva europea, e que até agora non encontraban reflexo explícito no ordenamento interno.

Por outro lado, modifícanse os puntos catro e seis do anexo VII, en coherencia co disposto no artigo 13.3.d) do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño.

A presente norma adécuese aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; aos principios de necesidade e de eficacia, ao estar xustificada por razóns de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e resultar o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos seus obxectivos; así como aos principios de proporcionalidade e seguridade xurídica, xa que a norma aborda os aspectos exixidos pola normativa da Unión Europea, establecendo a regulación necesaria de acordo coa dita normativa; ao principio de eficiencia, posto que evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias. Igualmente, adécuese ao principio de transparencia, posto que define claramente o seu obxectivo e se xustifican os seus motivos.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para establecer as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Universidades, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).*

O Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI), queda modificado nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo punto sexto no artigo 29, coa seguinte redacción:

«6. Para aqueles profesionais cuxa cualificación profesional estea suxeita ao presente capítulo, e de conformidade coa normativa que lle sexa aplicable, fomentárase o desenvolvemento profesional continuo, así como a actualización dos seus coñecementos, capacidades e competencias co fin de preservar o

exercicio seguro e eficaz da súa profesión e manterse ao día da evolución da profesión. As medidas adoptadas en virtude deste punto notificaranse á Comisión.»

Dous. Modifícase o artigo 34, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 34. *Dereitos adquiridos na antiga Iugoslavia.*

A autoridade competente recoñecerá os títulos de formación de médico que dean acceso ás actividades profesionais de médico con formación básica e médico especialista, de enfermeira responsable de coidados xerais, de odontólogo, de veterinario, de matrona, de farmacéutico e de arquitecto que posúan nacionais dos Estados membros e que fosen expedidos na antiga Iugoslavia, ou cuxa formación comezase, no que se refire a Eslovenia, antes do 25 de xuño de 1991, e a Croacia, antes do 8 de outubro de 1991, se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que as autoridades competentes de Eslovenia e Croacia dean fe de que os ditos títulos de formación teñen nos seus respectivos territorios a mesma validez legal que os títulos de formación que se expiden e, para os arquitectos, que os títulos que figuran no punto 6 do anexo IV para os ditos Estados membros, polo que respecta ao acceso ás actividades profesionais de médico con formación básica, médico especialista, enfermeira responsable de coidados xerais, odontólogo, veterinario, matrona e farmacéutico no que se refire ás actividades indicadas no artigo 60.2, e de arquitecto para as actividades recollidas no artigo 63, e ao exercicio destas.

b) Que a persoa solicitante estea en posesión dun certificado, expedido polas autoridades competentes dos ditos Estados membros, que acredite que exerceu efectiva e lícitamente no seu territorio as actividades de que se trate durante, ao menos, tres anos consecutivos no transcurso dos cinco anos anteriores á data de expedición do certificado.»

Tres. Modifícanse os números 4.3 e 6.1 do anexo VII, que terán o seguinte contido:

«4.3 Se a profesión mencionada no punto 3.1 non está regulada no Estado membro de establecemento, e non seguiu unha educación e formación regulada dirixida ao exercicio da profesión mencionada no punto 3.1⁷, adquiriu unha experiencia profesional, na dita profesión, de ao menos un ano no curso dos dez anos anteriores no territorio do dito Estado membro?

SI NON

Comentarios (se for o caso):

«6.1 Síñale os documentos que se xuntan a esta declaración:

Acreditación de nacionalidade.

Acreditación do establecemento legal.

- Acreditación de cualificacións profesionais.
- Acreditación dunha experiencia profesional mínima dun ano nos dez anteriores¹².
- Acreditación de ausencia de condena penal¹³.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento e execución.*

1. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Universidades para adoptar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

2. O anexo modificado polo presente real decreto será actualizado, cando resulte necesario, por orde ministerial, nos termos previstos na disposición derradeira terceira do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Universidades,
MANUEL CASTELLS OLIVÁN